

INFORMACIÓN PREVENTIVA

PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS



Servizo de Prevención de Riscos Laborais



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Coa colaboración de




RECOMENDACIÓN PARA A PREVENCIÓN DE INCENDIOS

A prevención é o aspecto máis importante da seguridade contra incendios. Gran parte dos incendios producidos poderían haberse evitado de aplicar unha serie de medidas básicas que deben terse en conta ao realizar o traballo.

MEDIDAS BÁSICAS DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS:

- Débese manter unha zona de seguridade (sen combustibles) arredor dos aparatos eléctricos.
- Non sobrecargar os enchufes. De utilizar "ladróns", "regretas", ou alargadeiras para conectar diversos aparatos eléctricos a un mesmo punto da rede, consulte previamente a persoal cualificado.
- Se vostede detecta calquera anomalía nas instalacións eléctricas ou de protección contra incendios, comuníqueo ao responsable da área afectada.
- Non aproximar focos de calor intensos a materiais combustibles.
- De efectuar operacións "en quente" (con chamas abertas, obxectos quentes, chispas mecánicas, arcos eléctricos, normalmente por operacións de mantemento mecánico e soldadura, ...), consulte previamente aos responsables da área onde se realizan os traballos. Pode ser necesario tomar precaucións especiais e incluso que sexa unha zona onde estea prohibido efectuar estes traballos, por existir risco alto de incendio e/ou explosión.



- Non obstaculizar en ningún momento os recorridos e saídas de evacuación, así como o acceso aos medios de protección: extintores, bocas de incendio, cadros eléctricos, pulsadores de alarma,...
- Estes equipos deben estar sempre accesibles para a súa rápida utilización no caso de urxencia.
- Fíxese na sinalización, comprabe as saídas dispoñibles, vías a utilizar e a localización do pulsador de alarma e do extintor máis próximo. No caso de observar anomalías, comuníqueo aos responsables.
- Manter o lugar de traballo limpo e ordenado. O lixo, os derrames de líquidos e certos materiais como labras, papeis e cartóns poden orixinar facilmente incendios.
- Os espazos ocultos son perigosos: non deixar nos recunchos, debaixo dos estantes ou detrás das portas o que non queremos que estea á vista.

1

2

3

- Ante calquera olor sospeitoso ou superficie excesivamente quente, avisar ao responsable de zona.
- Se fuma utilice os cinceiros, asegurándose de que non queda ningunha pava acendida e non tire a cinza nas papeleiras.
- Respetar o sinal de "PROHIBIDO FUMAR", ao entrar nas áreas onde estea sinalizado, depositar as pavas nos cinceiros, ben apagadas, e non tiralas en calquera sitio.
- Deixar libre de materiais unha distancia de 1 metro por debaixo dos detectores de incendio.
- Recordar sempre que a prevención de incendios baséase en impedir a presenza simultánea de focos de ignición e materiais combustibles.
- Inspeccionar o seu lugar de traballo ao final da xornada laboral. Se é posible desconectar os aparatos eléctricos que non se necesite manter conectados.



MANIPULACIÓN DE PRODUCTOS INFLAMABLES.

- No caso de manipular produtos inflamables, extreme as precaucións, lea e aplique as instrucións da etiqueta e da ficha de seguridade do produto.
- Cando se manipulen estes produtos en lugares non habilitados para ese efecto, comunique ao responsable de área sobre a súa utilización.
- Manteña os recipientes pechados, non improvise almacenamentos. Os locais onde se utilicen ou almacenen estes produtos deberán ter unha boa ventilación, ou incluso dispoñer de sistemas de ventilación especiais.
- De efectuar transvase de produtos utilice recipientes adecuados e garanta que se manteña o etiquetado do envase. Consulte sobre os riscos e medidas de prevención a aplicar nas operacións de trasfego de líquidos inflamables.
- Os recipientes baleiros son tan perigosos como os cheos, verifique que manteñen o etiquetado e deposíteos en lugares controlados que dispoñan da sinalización oportuna.
- En determinadas ocasións nas zonas onde se manipulan substancias inflamables, é obrigatorio dispor de instalación eléctrica especial e equipos adecuados para estas zonas. Non introduza equipos ou efectúe conexións sen comprobar que son adecuados para este tipo de instalacións.

4

5

6

TELEFONOS DE INTERESE.

CENTRALIÑA UDC (SÓ PARA URXENCIASS)	5555
URXENCIAS/ PROTECCIÓN CIVIL	112
BOMBEIROS	080
AMBULANCIAS	061
POLICIA LOCAL	092
POLICIA NACIONAL	091
GARDA CIVIL	062
CRUZ VERMELLA	902 222 292
FREMAP 24 HORAS	900 610 061
HOSPITAL UNIVERSITARIO DA CORUÑA	981 178 000
HOSPITAL XERAL DE FERROL	981 312 500
CONCELLO DA CORUÑA	981 184 200
CONCELLO DE FERROL	981 336 700
UNIÓN ELÉCTRICA FENOSA	901 202 020
EMPRESA MUNICIPAL DE AUGAS - A CORUÑA	981 242 322
EMPRESA MUNICIPAL DE AUGAS - FERROL	981 336 705
INFORMACIÓN TOXICOLÓXICA	915 620 420